

TRABALLOS DE CONTEXTUALIZACIÓN A PARTIR DE LECTURAS.

PROPOSTAS:

Cándido Branco e o Cabaleiro Negro. Darío Xohán CABANA. (D. García, S.XI)

Veleno tinto. Ramón CARREDANO. (S:XIV).

A arte de trobar de Santiago Lopo.

No século XIII, unha "troupe" de artistas itinerantes procedentes de Galicia percorre os reinos do Camiño de Santiago. É un momento de cambio político, cultural e lingüístico nunha Europa inmersa en cruentas loitas de poder. As persecucións relixiosas e as ansias expansionistas coinciden co auxe das cantigas galego-portuguesas e co declive da lírica provenzal. Un códice oculto, a Inquisición, a herexía cátara e os segredos da alquimia uníranse ás cantigas medievais para conformar unha engaiolante trama nunha novela con grandes doses de intriga

O frío azul. Ramón CARIDE (S.XVI).

Sansón Trolleyro. VÁZQUEZ. (S.XVII)

TAMÉN PODEDES :

Morgún de de Suso de Toro.

A profecía do vello druída da fortaleza de Baroña, onde o rei Brath fora asasinado polo seu fillo Corrub, habíase cumprir: "o que morreu con traizón volverá polo mar, entrará no castro tres veces e entón recuperará o reino usurpado polo seu fillo. E o rei será raíña e a espada será o seu signo".

Galván en Saor. Darío Xohán CABANA. (S.XIV-S.XX)

Novela de aventuras que se desenvolve ao longo de dous escenarios cronolóxicos : a modernidade dunha Galicia actual e a mitoloxía do medioevo artúrico. O principal personaxe da novela é Galván entrañable e cincuentón, sobriño do Rei Artur, que viaxa en motocicleta e namorado perdidamente de Sylvania.

Tránsito dos Gramáticos. Marilar ALEIXANDRE. (S.XV- 2019)

En salvaxe compañía

Premio da Crítica Galega (Creación), 1994
Os círculos agochados da realidade emerxen como espirais de fume, en inesquecibles imaxes poéticas, pero tamén en forma de refachos de vento e chuvia, de tormentas que desvelan perturbadores segredos e vidas conmovedoras. A señora do pazo, Misia, relata como os trescentos corvos que debuxan a paisaxe do ceo son os poetas-guerreiros do último rei de Galicia. Un sacerdote, Don Xil, explícalle a unha moza campesiña, Rosa, que as pinturas das fermosísimas mulleres que se descubren nas paredes da igrexa son retratos de pecadoras. Un rato, Matacáns, cazador furtivo na súa primeira vida, é atrapado por un gato que non é outro que o gaitero e anarquista Arturo de Lousame. Un morcego, Gaspar, relátalle o seu suicidio a un lagarto que vai en peregrinación a San Andrés de Teixido... Todo fala. Persoas, animais e paxaros recrean a identidade universal do sentimento. Viaxan do pasado ao presente e contra a adversidade.

CUESTIÓNS PARA AS LECTURAS DE 1º BACHARELATO. CURSO 19-20

1. Xustifica o contexto medieval a partir de datos da novela (acontecementos, datas, personaxes, temas, referencias culturais (arte, literatura...), espazos...).
2. Creación literaria propia.

CONTEXTO: (Do S.V-XV, Lingua galega oral a partir do S.VIII e escrita a partir de f.S.XII)

- Social (sociedade estamental, sistema foral: sistema de vasalaxe, nobreza laica e clesiástica).
- Económico (basicamente agrícola e mariñeiro, despois tamén artesanal e comercial nos burgos)
- Político (poder monárquico galego, astur-leonés, castelán).
- Cultural-ideolóxico e lingüístico (o dominio cultural e ideolóxico case absoluto por parte da Igrexa católica, militar e de xustiza tamén, os problemas cos que se atopaba o desenvolvemento das distintas ciencias: medicina, inventos...). (Lingua oral a partir do S.VIII e lingua escrita documentada totalmente en galego a f. S.XII, plenamente normalizada en todos os estamentos e contextos).

TEN EN CONTA:

- A ERA COMPOSTELÁ (S.XII-XIII), época de máximo esplendor político e económico que conleva dúas manifestacións artísticas moi valiosas: a arte románica e a lírica trobadoresca.

A partir da Baixa Idade Media -mediados do S.XIII- comeza a decadencia política, pasamos a depender paulatinamente da coroa de Castela. Nos séculos XIV e XV hai as guerras de Sucesión e as Guerras Irmandiñas no XV.

- O esplendor literario continúa até mediados do XIV. Na lírica podemos observar orixes cortesás e autóctonas, na primeira teremos en conta o lirismo provenzale na segunda a literatura de tradición oral e lírica feminina). Na prosa literaria destacamos tres ciclos temáticos: bretón ou artúrico (Merlín, Artur, Xenebra, Morgana, cabaleiros da Táboa redonda, Espada Escalibur, procura do santo Graal, amores tráxicos de Tristán e Isolda...); Ciclo clásico ou troiano (Ulises, Helena, o guerreiro Aquiles, a expedición dos Argonautas...); e o ciclo carolínxeo (Carlomagno).

- Pode haber historias dentro de historias, recreacións de mitos, supersticións, crenzas...
- Pode haber dous eixos temporais relacionados polos temas, personaxes, temática...
- Investiga e contrasta as mencións a personaxes, feitos, datos...

ALGUNHA INFOGRAFÍA:

<https://www.slideshare.net/rubempaul/tema-6-galicia-na-idade-media-17678881>

<https://www.slideshare.net/danielvereavazquez/tema-6-galicia-na-idade-media>

http://gl.wikipedia.org/wiki/Literatura_galego-portuguesa

<http://anosacultura2.blogspot.com.es/2011/02/as-revoltas-irmandinas.html>

http://santipazosrei.blogspot.com.es/2011/01/tema-6-galicia-na-idade-media-breve_10.html